

TEATRO ENTRE REIXAS

Mariana Carballal

Era o ano 1988, cando ao finalizar o meu traballo de animadora na Transmediterránea, comezaba un obradoiro de Animadora Socio-cultural, organizado pola Comunidade de Madrid. Aquel obradoiro permitíume iniciar unha das actividades máis plenas e fermosas da miña vida profesional: traballar coas internas de Yeserías, prisión feminina de Madrid.

Escribindo hoxe esta liñas, o tempo dáme a perspectiva suficiente para entender que o que comezou como un traballo que me enchía de expectativas e medos, converteuse co tempo nunha experiencia vital enriquecedora que determinou a miña implicación co social, neste e noutros campos, e que fixo que cuestionase a relación do teatro coa sociedade que o rodea.

No primeiro ano de traballo, asistía a prisión as fins de semana como animadora sociocultural. A miña función consistía en propor actividades que fixesen máis doado o tempo de "lecer" das fins de semana. Ese espazo onde as

internas descansan da rutina diaria da prisión, da súa participación (as que poden) en obradoiros ocupacionais ou produtivos. Ofrecer actividades que entretivesen, que servisen para esquecer ese tempo baleiro, onde todas as lembranzas, os horrores, os pesadelos, xiran e envolven os pensamentos das internas. Ese tempo sen horas, eterno, tan difícil de vivir cando estás privado de liberdade.

Certamente era moi nova para tanta responsabilidade, pero tamén é certo que a enerxía, ilusión e as ganas de axudar compensaban a falta de experiencia.

Así que preparaba actividades diversas, dende obradoiros de teatro, festivais, confección da revista, chamada "Ker-tanga" (de *tangazo*, má sorte), ata conferencias dadas por persoas coñecidas e implicadas en temas sociais.

Ao grupo podían asistir todas as internas que o desexasen, sempre que se comprometesen coa dinámica do mesmo: asistencia, respecto á diversidade, ganas de aprender e sobre todo de gozar. Parece simple e doado, pero non debemos esquecer que a maioría descoñecían os mínimos socializadores de respecto e convivencia.


Houbo experiencias inesquecibles. Conseguir sacar adiante a Revista foi un reto increíble. As internas escribían artigos, poemas, debuxaban.

Ao redor dunha mesa compartiamos tempo e opinións. Lembro que levaba xornais de distintas tendencias (daquela había). Liámos, discutiamos (non sempre de xeito moi civilizado), pero ao final conseguíamos chegar a acordos que inspiraban a nosa revista. Todo era lento, complicado, mil e un atrancos, tanto administrativos como persoais, pero o resultado gozábbase dunha forma extraordinaria. Un gran de area que facía un pouco máis feliz aquela realidade.

Noutra ocasión conseguín levar un grupo de música brasileira. Daquela a poboación feminina estranxeira era moito menor que hoxe (40% da poboación feminina é estranxeira na actualidade), pero xa había moitas reclusas sudamericanas, presas por delitos contra a saúde. Aquel día foi algo excepcional. Contaba coa negativa da dirección do centro. As funcionarias non querían asumir a responsabilidade dun evento que ao non ser moi común, non sabían que complicacións podería ocasionar. Pero a miña insistencia acabou conseguindo romper barreiras e ao final alí estaban os músicos brasileiros tocando e facendo bailar a todo o

mundo. Non houbo ningún problema relacionado coa seguridade, se acaso algún namoramento que fixo inmensamente felices aos implicados.

Esta actividade das fins de semana púxome en contacto co grupo de teatro do cárcere. Ao fronte do mesmo estaba unha funcionaria (que estraño) chamada Elena Cánovas. Ao coñecela descubríñ que tamén estudara na RESAD, e era tamén unha muller apaixonada polo teatro.



Mal Bajío. Tres actrices profesionais e catro internas.

A partir dese momento a miña implicación foi maior, e tamén se definiu o meu vínculo coa prisión. O teatro sería a partir dese momento o punto de encontro. O teatro como medio que favorece a reinserción, ou reeducación, o teatro como elemento cohesionador de todas as actividades, o teatro como ferramenta para unha diferente comprensión da realidade, o teatro como elemento axitador das conciencia, o teatro como aprendizaxe liberadora en todos os sentidos.

Comecei a asistir aos ensaios de Elena Cánovas e a comprender como se podía facer teatro cun grupo que carecía en moitos casos dos valores básicos de participación, de respecto, de traballo en equipo, de responsabilidade, compromiso, etc. Como se conseguía transformar, enriquecer, avanzar, como se loitaba individual e grupalmente para conseguir levar a cabo aquel proxecto que hoxe é xa un referente nacional e internacional do teatro no cárcere.

Nun principio a dinámica era similar ás moitas que se empregan na formación de grupos en barrios, centros culturais ou de ensino. Cando o obxectivo prioritario non é a profesionalización, senón a conformación dun grupo para a experimentación e o gozo. Expresión corporal, baile, clase

de voz e lectura (había internas analfabetas), ata conseguir cohesionar o grupo. Estes foron os primeiros anos, facendo dúas montaxes por ano de autores próximos á sensibilidade do grupo, onde os personaxes -dentro da súa problemática- loitan por liberarse. Elena conseguiu formar un grupo e mantelo, aínda contando cos imprevistos propios das prisións (castigos, traslados de centro, liberdade...).


Conseguí ademais iniciar unha extraordinaria aventura, sacar o grupo **Yeses**, que así se chamaba, fóra do centro, para actuar noutras prisións e teatros. E foi nunha desas saídas cando se produciu a miña completa integración no Teatro **Yeses**.

Entre as internas había unha do GRAPD á que lle denegaron o permiso para saír actuar ao Ateneo de Madrid. Como eu asistía aos ensaios, Elena pedíume que a substituíse. A partir daquel momento fun unha **Yeses**.

O intre máis importante da miña participación foi con motivo da posta en escena de "Mal Bajío". Obra escrita por Elena Cánovas, Paula Monmeneu e María Victoria Nacarino-Bravo (estas últimas internas de Yeserías). "Mal Bajío" significa má sorte ou mal *faria*, un malestar na vida do que non te

podes desprender. "Bajío" é un fondo areoso no mar onde os barcos poden quedar encallados. A metáfora é fermosa para entender a vida coma unha travesía e para expresar que estas mulleres tropezaron co escollo do cárcere, que interrompe a súa singradura. Esta obra de creación colectiva é unha gran obra de teatro, que recolle a vida na prisión dun grupo de mulleres, contando a súa realidade sen andrúmenas, con crueza, un retrato crítico da realidade carceraria.

Mal Bajío-Ensoñación. Celia (Mariana)
e funcionario (Santiago Acera)



Di Fermín Cabal, que é unha obra que “se atreve a falar do tema tabú da sacrosanta institución do sistema penitenciario” convertendo “nun segredo ás voces que as prisións españolas son un inferno”. No argumento, a corrupción e a apatía caracterizan os funcionarios endu-recidos, mentres que certa inxenuidade pertence á funcionaria novata. As presas viven momentos de gran compañeirismo á vez que a xerarquía social entre elas revela unha loita polo poder. A linguaxe é a xiria carceraria. Son violentas, compasivas, fortes e enfermas; moitas sofren de SIDA e gran maioría seguen consumindo drogas dentro do cárcere. As bágoas mestúranse coas risas, extraordinarios momentos de humor e distanciamento, que permiten respirar ao espectador. “Mal Bajío” recibiu o premio accésit Calderón de la Barca no 1989 e foi a primeira experiencia do obradoiro con actores profesionais. Eu levei a produción do mesmo, e tamén colaborei como actriz, cun fermoso papel, ao que aínda hoxe non sei se fun capaz de dálle toda a vida que coñecín na prisión, a dor e a tenrura, a crueza e a forza que vía cada día ao meu redor. Foi esta experiencia determinante no meu compromiso para co teatro e os temas sociais.



Comunicación.

Ateneo de Madrid. El “Patillas” (Mariana)
e Filo (Carmen Zarza)

A través dela comprobei a catarse tantas veces falada e reivindicada. Unha primeira, relacionada coas executantes, que liberaron parte da súa vida, que puideron obxectivala e vela representada, e para os receptores que puideron sentir a vida carceraria, descoñecida e allea, palpitar sobre as táboas.

Lourdes Ortiz, escritora e ex-directora da RESAD, escribía a teor disto un artigo en El Mundo (abril de 1990):

Me ha puesto los pelos de punta, un texto hecho desde la cárcel con voluntad y tesón. Es un documento sobrecogedor que le sumerge a uno en ese mundo de delirio que son las cárceles, las cárceles hacinadas, irracionales, casa de cristal en donde las muñecas son despiadadamente torturadas por la soledad, el miedo y un desgarró que las aísla de todo lo humano. El lenguaje de la obra, despiadado también, mezcla de desvergüenza e ingenuidad, nos revela un ámbito de mujeres aplastadas que intentan desesperadamente reconstruir una normalidad de gestos, de relaciones. Cuando las presas gritan desde el escenario "Abajo la cárcel, reinserción social", poco antes de que lleguen los guardias a disolverlas ferozmente, uno se da cuenta que queda mucho por hacer.

Esta e outras moitas testemuñas, apoiaron e alimentaron as ganas de seguir creando e lanzando a voz dos cárceres

sobre a conciencia e o entendemento dos libres. A reinserción social, obxectivo das penas privativas de liberdade, segundo proclama a Constitución, só é posible en conexión permanente coa sociedade para a cal se reinserta e reeduca.

Permanecín co teatro **Yeses** en estreita colaboración ata a miña volta a Galicia, no 1999. No 2000 fun convidada para representar unha adaptación de *Asamblea de mulleres*. Cun proxecto da UNESCO viaxamos a Salónica (Grecia), para representala.



Foi a última vez que traballei como actriz con elas. Según, non obstante, colaborando en diferentes labores (cursos, produción) sempre que me reclamaron. Participando gozosamente deses procesos de creación colectiva, guiados por Elena Cánovas e que seguen un ritual con poucas modificacións dende os seus comezos e que pode resumirse nos seguintes aspectos:

Un primeiro paso: Falar no grupo. Tertulia que funciona como base primixenia da montaxe e que permite coñecer ilusións, expectativas e as principais inxedanzas do momento.

Un segundo paso son as Improvisacións sobre os asuntos que interesan e preocupan. Esta actividade, que ás veces produce resultados abraiantes, permite coñecer a capacidade de imaxinación, as ganas de contar e as capacidades interpretativas das integrantes. A partir de aquí decídense dous camiños: a creación dun texto propio ou a elección dun próximo ao que apetece contar.

O terceiro momento é a Lectura, actividade que require concentración, capacidade de comprensión e enxuízamento crítico. A análise do que sucede e do que se quere comunicar. Traballo de mesa, que se converte nas primeiras

insinuacións da posta en escena. Formúlaselle ás mulleres do grupo estas preguntas: Como farías ti esa escena? E que é para ti ese personaxe?

O cuarto capítulo é o Reparto de Papeis: Quen actúa, quen non, quen se encarga de tal ou cal responsabilidade (vestiario, decorados...). É o momento das primeiras desilusións e os primeiros sustos para a que ten que facer de heroína na función.

Quinto capítulo: Aprendizaxe pura e dura do texto. Memoria e estudo. Aquí non hai auxilio nin amparo colectivo. É a proba de lume. Hai un tempo para aprender marcado polo calendario da montaxe e os resultados falarán moito do amor propio e a capacidade de concentración.

Sexto: Os Ensaiois. Aquí rematou o soño. O teatro non é glamour, senón suor. Aquí entrará o como facer, como dicir, como facerse presente sen facer nin dicir nada e como saber estar en primeiro, segundo e terceiro plano. É o momento da creación, pero con partitura e aberto a novas aportacións e posibles cambios, sempre en beneficio do espectáculo.

Sétimo: A Montaxe. Ensamblar todas as pezas: interpretación, escenografía, vestiario, luz, música, etc. Os ensaios

xerais son temidos por todas: sempre auguran fracaso, nunca saen como é debido.

Ditavo paso: Estrea e Xira.

Neste último paso e xa para finalizar, cómpre lembrar que a miña última colaboración con **Yeses** foi hai un ano. Conseguín traelas en Xira coa súa última montaxe "Europaz", a Galicia. Estiveron en Narón, A Coruña, Vigo, Pontevedra e Santiago. Cinco teatros e cinco cárceres, Pereiro de Aguiar, A Lama, Monterroso, Cuntis e Teixeiro. As dúas realidades da sociedade galega vistas polos ollos das **Yeses** (hoxe xa internas de Alcalá Meco). As dúas realidades galegas, a libre e a presa vendo teatro feito por internas.

Sigo crendo, inspirada sempre en Elena Cánovas; que o Teatro é unha experiencia liberadora da maior amplitude, que lle serve ás internas para liberarse da regulamentada vida carceraria, que é un refuxio durante horas no silencio dos ensaios, roto unicamente pola música ritual da palabra dramática, que serve para acalmar a espiral de agresividade xorda que a privación de liberdade xera nas vísceras, canalizándoa para facer medrar a súa capacidade de crear e de divertirse, que o teatro serve para que as autoridades

penitenciarias vexan mais próxima a súa reinserción, que lles serve ás internas para saber como comportase na rúa e que ao final a rúa (o espazo dos libres) lles faga un lugar e as admita como membros de pleno dereito.

FARO DE VIGO
MARTES, 25 DE MARZO DE 2014

SOCIEDAD • 43

Las reclusas de Yeses representan su visión de Europa en Vigo y Pontevedra

La compañía llega por primera vez a Galicia con "Europaz", de la gallega Alejandra Juno

AGATA DE SANTOS • Vgp

Teatro Yeses, compañía fundada en 1985 en la antigua cárcel de Yeseras, de donde hereda el nombre, llega hoy por primera vez a Vigo, donde a las 20:30 horas representará en el Teatro Caixanova su nuevo montaje, "Europaz". Esta obra está interpretada en su gira por Galicia por seis reclusas que gozan del tercer grado y dos actores profesionales-Rubén Cobos y José

Occidente por las que hemos luchado y que no debemos perder", explicó Juno.

La escritora explicó que el montaje está estructurado en seis sketches dedicados a distintos períodos de la historia europea, todos ambientados en España excepto el primero, "Como Elena (Cánovas) soy de la escuela de contar cosas pero haciendo pasar un buen rato", aseguró la dramaturga.

Así, "Europaz" arranca en la ópera meco-latina para conti-



La actriz gallega Marijana Carballal (1ª, dcha.), con Alejandra Juno, Jennifer Martínez, Elena Cánovas y otra miembro de Teatro Yeses, ayer en el Centro Cultural Caixanova de Vigo. / Noelia Souto

Un ejercicio de libertad entre rejas

Voces de la Cárcel

Boquis/eras: Funcionarias

Coba: Atraco a un Banco. No tiene nada que ver con «hacer la pelota», pero hace falta «pelotas para hacerse con un Banco».

Coté: Droga. «**El sumé de la coté**»: el dueño de la droga.

Chabolo: Celda.

Chungalí: Malo, enfermo, peligroso.

Chusquel/ona: Chivato, «chota».

Geró: Cara. «**Por la geró**»: Por la cara.

Guripa: Despectivo de guardia.

Jaris: Peleas, líos.

Kíes: En su origen, respondía a la líder. Actualmente es la que actúa utilizando su fuerza y arrogancia en su propio beneficio. Matona. «**Van de kíes por la vida**»: Van arrasando.

«**La del Pulpo**»: Paliza física por todos los lados.

«**Lady Coca de Cali**»: Literalmente: Señorita Cocaína de Cali (Colombia). Coca superior.

«**Ley General Penitenciaria**»: Ley que habla de rehabilitación; de lo que debe ser y nunca es. Un señor atípico creó una ley utópica que tipificaron parlamentarios típicos. Como diría un político: «hay voluntad de hacer, pero carecemos de infraestructura».

- «**Mal Bajío**»: Mal fario. Mala suerte. «**Tiene mal bajío**»: tiene la negra. Se puede poseer desde el nacimiento y durar hasta la muerte. Vida gafada.
- «**Me limpio el culo con sus chapas**»: Alusivo al emblema que portan en sus uniformes las funcionarias.
- Pipitillas**: Alude al clítoris. «**Pipitillas del infierno**»: clítoris pecaminosos.
- Reglamento**: Normativa explícita de la Ley. No debería admitir interpretaciones. Cumplirlo a rajatabla, paralizaría el funcionamiento en cualquier Centro y supone, de hecho, una huelga de celo.
- Solibata**: Dícese de la mujer que se aísla. Solitaria. «**Se le cae la saliva por solibata a esa sola con bata**»: que no se integra en ningún grupo a fin de protegerse.
- Talego**: Cárcel. Algo que sirve para que metan «cosas» dentro y luego se cierra. También se llama chalet, casa grande, trullo y maco. Billete de mil pesetas.
- Tigre**: Retrete. Lugar idóneo para dirimir diferencias, o sea, pegarse.
- Tranquis**: Tranquilas, pacíficas, sin ganas de bronca. «**Tranqui, tronqui, que hay confi**»: Tranquila, chica, que hay confianza.
- «**Triqui-triqui**»: Cierta movimiento rítmico de acoplamiento mientras se realiza el acto sexual.
- «**Vis a Vis**»: Comunicación íntima con la pareja o los familiares una vez al mes. Puede ser realizado mediante traslado a una cárcel de hombres para ver al compañero. No está contemplada la comunicación íntima de prisión a prisión con otra mujer.